



Carta onírica a catro escritoras unidas por un fío emotivo

[Adrián Noia](#) 5 de marzo de 2026

<https://praza.gal/opinion/carta-onirica-a-catro-escritoras-unidas-por-un-fio-emotivo>

Moitas veces teño comentado que leo máis autoras que autores, despois de observar a recua de libros que se vai amoreando nos meus estantes. É unha observación que levo facendo desde hai uns anos e recentemente cheguei á conclusión de que, debido talvez á miña identidade de xénero e á miña maneira de ser, encontro na literatura escrita por mulleres unha ollada sobre o mundo que se parece máis á miña.

Ollo. Non pretendo facer unha alegación contra a literatura escrita por homes, mais sempre encontrei, por exemplo, en autoras como **Almudena Grandes** ou **Ana María Matute** unha conciencia sobre o sufrimento das persoas e a necesidade da memoria colectiva; xustamente, elas dúas guiáronme neste camiño que, como cidadán, escritor e sempre lector, emprendín para reparar a dignidade de todas as persoas, especialmente mulleres, que sufriron a guerra civil e a ditadura desde o silencio e a exclusión. Primeiro foi Matute, coa súa experiencia persoal, coa voz dunha nena que viviu os horrores da guerra, que quixo partillar connosco esa dimensión persoal afectada pola violencia, a dor e o esquecemento. Despois foi Almudena co seu activismo escritor. Ela contou as historias cun afán inefábel de reparar a historia dun país que nunca será reparada, aínda que moitas e moitos de nós nos obcequemos en logralo algún día. Sen dúbida, entrelázanse sentimentos e afectos nas ficcións de Matute e Grandes. A súa ollada transmítenos unha envexábel dimensión persoal, emotiva e íntima. Ana María, é unha mágoa que deixases inconclusa *Demonios familiares* (2014), eu sei que a tiñas na cabeza acabada, como ben afirmou a túa amiga María Paz Ortuño, confórmome con volver a ler todas as túas obras e imaxinarme – erradamente, por suposto– como acabarías a historia.

Ai, **Margaret Atwood**, canto vínculo tes con Almudena e Ana María e talvez nunca o saberás pola barreira lingüística, oceánica e mortal! Ao mellor son un ignorante e Atwood leu as novelas delas e estou a falar sen saber. Creo que terei ocasión de preguntarlle nunha feira no Porto á cal vai asistir. Sería unha boa pregunta, porque se nunca leu as súas obras, podería convidala a delas. Seguro que Matute e, sobre todo, Almudena teñen todas as súas obras traducidas ao inglés. Comparten moito, ou polo menos parécemo a min. Atwood fíxome algo activista e, ao mesmo tempo, algo conformista. É incompatíbel? Depende de se acabei de ler *O conto da criada* (1985), un universo que aínda podería ser remendado, ou *Oryx e Crake* (2003) e as súas dúas secuelas, un universo postapocalíptico, pola contra.

Case me esquezo de **María Victoria Moreno**, non podería perdoarmo (ela ou eu?). De Moreno aprendín o lirismo co cal me enfronto á vida (e á escrita) e ela é a boa causante de que eu escribise *O silencio non arrola* (Premio SELIC 2025). María Victoria aparecéuseme un día a través de *Onde o aire non era brisa* (2009) e xa non puiden seguir vivindo sen lirismo e sen abordar a vida desde a melancolía e a emotividade. Recentemente descubrín que escribira *Diario da luz e a sombra* (2004), un diario sobre a enfermidade que fixo que falecese en 2005, o cancro de mama. Non entendo como non o lera antes e como non sabía que existía este libro... Creo que foi o mellor que me pasou, porque puiden estender a existencia de María Victoria na miña vida unha vez máis, cun texto máis, cunha nova experiencia con ela. Agora só poderei ler o que xa lin algunha vez, como *Anagnórise* (1988), pero eu confórmome.